

**EMENDAS PRESENTADAS POLOS GRUPOS PARLAMENTARIOS
ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA AO PROXECTO DE LEI DE
GALEGUIDADE (NUM. EXPE. 09/PL-000008).**

Emenda nº1, ao apartado 1, de Adición. Artigo 1

Débese engadir no punto 1 entre "...obxecto..." e "...regular..." a seguinte expresión:

" ...desenvolver o artigo 7 do Estatuto de Autonomía de Galicia e..."

Emenda nº2, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 1

Débese substituír o texto do punto 2 polo seguinte:

"1.2. A presente Lei ten tamén por obxecto recoñecer outras entidades galegas asentadas fóra de Galicia como "Centros colaboradores de Galeguidade" e determinar os dereitos que lles afecten."

Emenda nº3, ao apartado 3, de Adición. Artigo 1

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"3. Esta lei pon en valor e recoñece o contributo da emigración e a achega das Comunidades Galegas do exterior na defensa, preservación e divulgación da cultura, lingua, historia e tradicións galegas."

Emenda nº4, de Substitución. Artigo 3

Débese substituír o texto do artigo polo seguinte:

“3. A efectos da presente Lei teñen a condición de galegos e galegas:

3.1. As persoas galegas de orixe que acrediten a súa condición de residente no estranxeiro no correspondente Consulado de España, así como tamén á súa parella e descendencia.

3.2. As persoas galegas de orixe que residan noutra Comunidade Autónoma do Estado español, así como tamén a súa parella e descendencia.

3.3. As persoas con cidadanía española que residan no estranxeiro e teñan acreditada no Consulado de España veciñanza administrativa en Galicia.”

Emenda nº5, ao apartado 1.d), de Supresión. Artigo 4

Débese suprimir o punto 1.d)

Emenda nº6, ao apartado 1.e), de Supresión. Artigo 4

Débese suprimir o punto 1.e)

Emenda nº7, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 4

Débese suprimir o punto 2.

Emenda nº8, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 6

Débese substituír o texto do punto 1 polo seguinte:

“1. Para os efectos da presente Lei son Comunidades Galegas as asociacións sen ánimo de lucro asentadas fóra de Galicia e constituídas por galegos e galegas, con personalidade xurídica no territorio en que estean asentadas e que teñan por obxecto principal nos seus estatutos o mantemento de lazos culturais ou sociais de Galicia, as súas xentes, a súa historia, a súa lingua e cultura, así como as que teñan como obxecto labores de protección, instrucción ou lecer, e ás que lles fose recoñecida a súa galeguidade.”

Emenda nº9, ao apartado 1.b), de Substitución. Artigo 8

Débese substituír o texto do punto 1.b) polo seguinte:

"b) Posuír o arraigo suficiente, determinado pola antigüidade e o número de socios e socias que forman parte dunha determinada Comunidade Galega. Para acceder ao recoñecemento de Galeguidade será preceptivo ter un funcionamento ininterrumpido de 10 anos e estar constituídas por un número mínimo de 100 socios e socias que posúan a condición de galego ou galega, tal como se define na presente Lei."

Emenda nº10, ao apartado 1.c), de Supresión. Artigo 8

Débese suprimir o punto 1.c)

Emenda nº11, ao apartado 1.d), de Substitución. Artigo 8

Débese substituír o texto do punto 1.d) polo seguinte:

"d) Ter entre os seus principios estatutarios básicos o mantemento de lazos culturais ou sociais con Galicia, as súas xentes, a súa historia, a súa lingua e cultura."

Emenda nº12, ao apartado 1.e), de Substitución. Artigo 8

Débese substituír no punto 1.e) o sintagma "cando menos o cultural" pola seguinte expresión:

“o de valor histórico, cultural, artístico e arquitectónico”

Emenda nº13, ao apartado 1.f), de Adición. Artigo 8

Débese engadir no punto 1.f) in fine, o seguinte texto:

"contidos no Estatuto de Galicia e na Constitución."

Emenda nº14, ao apartado 1.h), de Adición. Artigo 8

Débase engadir no punto 1 un novo apartado co seguinte texto:

"h) Ser unha organización independente e non ter vinculación orgánica con partidos políticos, confesións relixiosas nin organizacións empresariais."

Emenda nº15, ao apartado 1.i), de Adición. Artigo 8

Débase engadir no punto 1 un novo apartado co seguinte texto:

"i) Difundir a cultura e lingua galegas mediante o desenvolvemento de obradoiros e actividades divulgativas nos territorios onde estean asentadas."

Emenda nº16, ao apartado 1.l), de Adición. Artigo 8

Débase engadir no punto 1 un novo apartado co seguinte texto:

"l) Levar e manter unha contabilidade fiel de toda a actividade económica da asociación."

Emenda nº17, ao apartado 1.m), de Adición. Artigo 8

Débase engadir no punto 1 un novo apartado co seguinte texto:

"m) Manter, conservar e preservar o seu patrimonio histórico, cultural, arquitectónico, etnográfico ou artístico e colaborar co goberno galego na súa catalogación e inventario."

Emenda nº18, ao apartado 2.g) bis), de Modificación. Artigo 9

Débase engadir no punto 2 un novo apartado co seguinte texto:

"g) bis.- Certificación nominal dos membros dos órganos de goberno da Comunidade Galega."

Emenda nº19, ao apartado 2.h), de Supresión. Artigo 9

Débese suprimir o texto do punto 2.h)

Emenda nº20, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 9

Débese substituir o texto do segundo paragrafo do punto 3 polo seguinte:

"A resolución negativa sempre será motivada e, se transcorrese o dito prazo sen resolver e notificar o acordo de resolución polo órgano competente, entenderase desestimada a solicitude de recoñecemento de galegidade."

Emenda nº21, de Substitución. Artigo 10

Débese substituir o texto do artigo polo seguinte:

"Son Centros Colaboradores da Galegidade aquelas entidades legalmente constituídas fóra do territorio de Galicia, sen ánimo de lucro, que teñan por obxecto principal nos seus estatutos o establecemento de lazos lingüísticos, culturais e sociais con Galicia e que contribúan na defensa dos valores constitutivos do pobo galego."

Emenda nº22, ao apartado 1.b), de Substitución. Artigo 11

Débese substituir no punto 1.b) a seguinte expresión:

Onde di: "dous anos" debe dicir: "cinco anos"

Emenda nº23, ao apartado 1.c), de Substitución. Artigo 11

Débase substituir o texto do punto 1.c) polo seguinte:

“c) Contar, como mínimo, con 50 asociados e asociadas que deberán posuír a condición de galegos e galegas conforme sinala o artigo 3 desta Lei”.

Emenda nº24, ao apartado 1.d), de Adición. Artigo 11

Débase engadir no punto 1.d) in fine o seguinte texto:

"contidos no Estatuto de Galicia e na Constitución."

Emenda nº25, ao apartado 1.g), de Adición. Artigo 11

Débase engadir un novo apartado no punto 1 co seguinte texto:

"g) Ser unha organización independente e non ter vinculación orgánica con partidos políticos, confesións relixiosas nin organizacións empresariais."

Emenda nº26, ao apartado 1.h), de Adición. Artigo 11

Débase engadir un novo apartado no punto 1 co seguinte texto:

"h) Levar e manter unha contabilidade fiel de toda a actividade económica da asociación."

Emenda nº27, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 11

Débase suprimir o punto 4.

Emenda nº28, ao apartado 2.i), de Adición. Artigo 12

Débase engadir un novo apartado no punto 2 co seguinte texto:

"i) Certificación nominal dos membros dos órganos de dirección da entidade."

Emenda nº29, ao apartado 3, de Adición. Artigo 12

Débese engadir no punto 3 in fine o seguinte texto:

"A resolución negativa sempre será motivada e, se transcorrese o dito prazo sen resolver e notificar o acordo de resolución polo órgano competente, entenderase desestimada a solicitude de recoñecemento de galeguidade."

Emenda nº30, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 12

Débese suprimir o punto 4.

Emenda nº31, de Supresión. Artigo 15

Débese suprimir o artigo.

Emenda nº32, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 16

Débese suprimir o punto 2 do artigo.

Emenda nº33, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 16

Débese suprimir o punto 3 do artigo.

Emenda nº34, ao apartado 1, de Adición. Artigo 17

Débese engadir no punto 1 in fine o seguinte texto:

"nos seguintes casos:

a. Por extinción ou disolución da actividade.

- b. Por incumprimento reiterado dos fins e obrigas que establece esta Lei.
 - c. Por inactividade da entidade por un período de dous anos debidamente probada.
 - d. Por sentenza xudicial firme que declare a falsidade de datos ou documentos que constasen na inscrición.
 - e. Por realización de accións ou omisións en materia de subvencións tipificadas como infraccións moi graves pola normativa vixente da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de subvencións.”
-

Emenda nº35, de Substitución. Artigo 22

Débese cambiar o epígrafe do artigo polo seguinte texto:

"Artigo 22.- Dos dereitos das Comunidades Galegas no eido social."

Emenda nº36, de Substitución. Artigo 23

Débese cambiar o epígrafe do artigo polo seguinte texto:

"Artigo 23.- Dos dereitos das Comunidades Galegas no eido cultural."

Emenda nº37, ao apartado 1.c), de Adición. Artigo 23

Débese engadir no punto 1.c) in fine o seguinte texto:

“, tendo as Comunidades Galegas asentadas fóra de Galicia a consideración de axentes de promoción cultural de Galicia”.

Emenda nº38, de Substitución. Artigo 24

Débese cambiar o epígrafe do artigo polo seguinte texto:

"Artigo 24.- Das actuacións económicas da Xunta de Galicia para coas Comunidades Galegas e Centros Colaboradores."

Emenda nº39, de Substitución. Artigo 24

Débese substituir o texto do artigo polo seguinte:

"A Xunta de Galicia prestará atencións ás necesidades económicas dos galegos e galegas asociados en Comunidades Galegas e Centros Colaboradores de Galegitude e velará por:

- a) Informar de forma veraz sobre a realidade económica de Galicia.
- b) Establecer marcos de cooperación entre os axentes sociais e económicos das comunidades asentadas fóra e os presentes en Galicia.
- c) Garantir a participación dos cidadáns galegos e das cidadás galegas nos asuntos de relevo no eido económico a través dos órganos de co-decisión e de representación da galegitude.
- d) Garantir a través dos orzamentos os recursos suficientes para que as Comunidades Galegas e Centros Colaboradores da Galegitude podan realizar as tarefas e funcións que teñen encomendadas nos seus Estatutos."

Emenda nº40, ao apartado i), de Adición. Artigo 27

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

"i) A Comunidade Autónoma de Galicia fomentará e prestará apoio ás Comunidades Galegas asentadas fóra de Galicia para o desenvolvemento de actividades conducentes a facilitar a chegada e integración dos galegos que emigran ao exterior e, así mesmo, para facilitar o proceso de retorno das persoas que deciden voltar a Galicia."

Emenda nº41, de Supresión. Artigo 28

Débese suprimir o artigo.

Emenda nº42, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 30

Débese substituír o texto do punto 2 polo seguinte:

"2.- O Rexistro de Galeguidade será único para toda a Comunidade Autónoma e contará cunha sección principal para o rexistro das Comunidades Galegas co recoñecemento da súa Galeguidade e outra sección secundaria para o rexistro das entidades recoñecidas como Centro Colaborador de Galeguidade."

Emenda nº43, ao apartado 1.d), de Supresión. Artigo 33

Débese suprimir o punto 1.d)

Emenda nº44, ao apartado 1.e), de Supresión. Artigo 33

Débese suprimir o punto 1.e)

Emenda nº45, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 33

Débese suprimir o punto 2.

Emenda nº46, ao apartado 1.f), de Adición. Artigo 36

Débese engadir un novo apartado f) co seguinte texto:

"f) Reprobar ou propoñer o cese do titular do órgano superior da Administración da Comunidade Autónoma ao cal lle corresponden, entroutras, as competencias en materia de desenvolvemento desta Lei e as relacións coas Comunidades Galegas."

Emenda nº47, ao apartado 1.g), de Adición. Artigo 36

Débese engadir un novo apartado g) co seguinte texto:



"g) Establecer o regulamento dos órganos de representación da Galeguidade."

Emenda nº48, ao apartado 1.c) 4º, de Substitución. Artigo 37

Débese substituír o texto do punto 1.- c) 4º., polo seguinte:

"Unha persoa representante por cada unha das universidades públicas galegas".

Emenda nº49, ao apartado 1.c) 6º, de Adición. Artigo 37

Débese engadir no punto 1.c) un novo apartado co seguinte texto:

"6.º) unha persoa representante por cada un dos partidos políticos con representación política no Parlamento de Galicia."

Emenda nº50, ao apartado 1.c) 7º, de Adición. Artigo 37

Débese engadir no punto 1.c) un novo apartado co seguinte texto:

"7.º) unha persoa representante por cada unha das organizacións sindicais máis representativas de Galicia."

Emenda nº51, ao apartado 1.c) 8º, de Adición. Artigo 37

Débese engadir no punto 1.c) un novo apartado co seguinte texto:

"8.º) unha persoa representante da Federación Galega de Municipios e Provincias."

Emenda nº52, ao apartado 1.c) 9º, de Adición. Artigo 37

Débase engadir no punto 1.c) un novo apartado co seguinte texto:

"9.º) unha persoa representante das asociacións de emigrantes retornados de Galicia."

Emenda nº53, ao apartado 1.h), de Substitución. Artigo 38

Débase substituír o texto do apartado h) polo seguinte:

"h) Decidir o lugar de celebración do Pleno do Consello de Comunidades Galegas, logo da consulta á Comisión Delegada.

h) bis.- Asegurar o cumprimento desta lei e da normativa de desenvolvemento."

Emenda nº54, ao apartado 3, de Adición. Artigo 38

Débase engadir un novo punto co seguinte texto:

"3. As convocatorias das sesións dos órganos do Consello de Comunidades Galegas faranse con tres meses de antelación para un mellor desenvolvemento das súas funcións. Remítirase a orde do día e a información sobre os temas que figuren nela. Despois, concederase un prazo de un mes para que os membros podan facer achegas ou suxestións e, finalmente, enviarase a convocatoria definitiva con todas as modificacións feitas, de habelas, e cunha antelación mínima de un mes á data das sesións."

Emenda nº55, ao apartado 1.b) bis), de Adición. Artigo 40

Débase engadir un novo apartado 1.b) co seguinte texto:

"1.b) bis.- Elixir ás persoas representantes e substitutas das Comunidades Galegas na Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas pertencentes á súa área xeográfica."

Emenda nº56, ao apartado 1.a) bis), de Adición. Artigo 43

Débese engadir un novo apartado 1.a) co seguinte texto:

"1.a) bis.- Elixir ás persoas representantes e substitutas das Comunidades Galegas na Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas pertencentes á súa área xeográfica."

Emenda nº57, ao apartado 6, de Adición. Artigo 45

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:

"6. As convocatorias das sesións dos órganos do Consello de Comunidades Galegas faranse con tres meses de antelación para un mellor desenvolvemento das súas funcións. Remitirase a orde do día e a información sobre os temas que figuren nela. Despois, concederase un prazo de un mes para que os membros podan facer achegas ou suxestións e, finalmente, enviarase a convocatoria definitiva con todas as modificacións feitas, de habelas, e cunha antelación mínima de un mes á data das sesións."

Emenda nº58, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 50

Débese substituír o texto do punto 3 polo seguinte:

"3. As convocatorias das sesións dos órganos do Consello de Comunidades Galegas faranse con tres meses de antelación para un mellor desenvolvemento das súas funcións. Remitirase a orde do día e a información sobre os temas que figuren nela. Despois, concederase un prazo de un mes para que os membros podan facer achegas ou suxestións e, finalmente, enviarase a convocatoria definitiva con todas as modificacións feitas, de habelas, e cunha antelación mínima de un mes á data das sesións."

Emenda nº59, ao apartado 2, de Adición. Exposición de motivos

Débase engadir ao comezo do punto 2, como primeiro paragrafo, antes de "O desenvolvemento..." o seguinte texto:

"Desde as últimas décadas do século XIX, até despois da agonía da ditadura franquista, a emigración forma parte do propio desenvolvemento da identidade do pobo galego, de tal maneira que podemos afirmar que a diáspora foi o factor esencial para a paseniña transformación de Galicia.

Galicia é debedora da protección que as persoas emigrantes galegas lle achegaron ao galego, á tradición, á cultura, á historia, en definitiva á súa memoria. Sen elas, hoxe o edificio identitario estaría moito menos afortalado, máis feble.

O contributo da emigración galega ao movemento político e cultural do galeguismo está fóra de toda dúbida. A creación das sociedades nacionalistas, a formación de líderes políticos e o apoio decidido e manifesto ao proceso pola autonomía de Galicia.

A diáspora galega é depositaria da memoria democrática de Galicia. Acolleron ao numeroso exilio galego expulsado da súa terra polo golpe de estado franquista. Cidades como Bos Aires convértense en capital cultural e política de Galicia, como Castelao e o Consello de Galiza como principais guieiros.

Na diáspora alumeou en estrea oficial o himno galego. Foi no gran teatro do Centro Galego da Habana, un 27 de decembro de 1907.

Grazas ás persoas emigrantes fomos quen de ir artellando un equipamento cultural e educativo. O déficit que tiña Galicia en centros de ensino primario foise corrixindo aquí grazas ás achegas e doazóns para costear a mellora de infraestruturas educativas, a súa fundación ou a súa dotación e aló grazas á posta en marcha dos Centros Galegos de América.

A cultura e a lingua de Galicia sobreviviron á primeira metade do século XX grazas á actividade editorial, cultural e divulgadora das sociedades emigrantes, primordialmente as asentadas en América do Sur. Moita da nosa mellor literatura naceu baixo a calor do abrazo da emigración galega.

Mesmo a institución encargada de velar pola lingua e a cultura galegas, a Real Academia Galega, débelle a súa existencia actual ao pulo que lle deron en Cuba, en 1905, Manuel Curros Enríquez e Xosé Fontenla Leal mediante a creación da Asociación Iniciadora e Protectora da Academia Galega, que achegou remesas para os gastos da fundación e manutención

da Real Academia Galega que naceu despois, o 25 de agosto de 1906.

A pesar da súa importancia, a emigración galega dentro do propio Estado español é das menos estudadas pola historiografía contemporánea. Dirixíndose a zonas máis industrializadas e con maiores posibilidades de atopar un emprego, de aí que sexan Catalunya, Madrid e Euskadi as que rexistren máis presenza de emigrantes galegos.

Na actualidade, despois duns anos de suposta prosperidade, en que Galicia foi máis terra de acollida que emisora, a crise do sistema capitalista, coas desproporcionadas taxas de desemprego, está obrigando de novo á poboación galega a emigrar cara a novos horizontes onde dar vida aos seus proxectos.

Galicia vive aí onde viven galegos e galegas. Espállase e incorpora as súas raíces nos países de acollida nun sempre desexable marco de convivencia.

A Galegitude repousa nun consenso activo que procura a integración no mesmo. É un feito, unha realidade de coparticipación, onde afectos, emocións e sentimentos, e unha vontade de compartir raíces comúns recrean o fogar nese espazo novo que acolle a galegos e galegas. É un sentimento de pertenza a un pobo, a unha cultura, a unha lingua, a unha historia.

Nesa identidade a ascendencia é invocada como esencial, xa que vivir é tamén transmitir tradicións, costumes, usos e cultura. A súa preservación depende do acordo de manter viva esa memoria. Implica participación activa.

Baixo esta perspectiva, a nosa emigración, galegos e galegas de fóra de Galicia, foron quen máis contribuíron á acentuación e consolidación da Galegitude como un feito incuestionable.

O sentido comunitario de pertenza a unha cultura, a unha tradición, a unhas raíces abraza a todas as Comunidades Galegas de fóra de Galicia. O seu traballo social, cultural e lingüístico incrementou e defendeu o significado de Galegitude."

Emenda nº60, ao apartado 2, de Adición. Exposición de motivos

Débese engadir ao remate do punto 2 un novo paragrafo, co seguinte texto:

"Neste eido, e considerando importante o recoñecemento da Galegitude ás Comunidades e Centros Colaboradores que

reúnan as condicións que se especifican nesta Lei, é preciso que se acompañe a definición de dereitos colectivos coa definición de dereitos de cidadanía dos galegos e galegas que residen fóra de Galicia.

A tales efectos, comezase neste ano 2013 o traballo para impulsar unha necesaria Lei de Cidadanía Galega no Exterior, adaptada á Lei 40/2006, de 14 de decembro, do Estatuto da Cidadanía Española no exterior.”

Emenda nº61, ao apartado 3, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir no punto 3 o seguinte texto:

"Esta lei tamén trata de fomentar a importancia das relacións económico-empresariais e o seu fortalecemento entre os axentes económicos das comunidades galegas da Galicia exterior e os da Galicia territorial."

Emenda nº62, ao apartado 3, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir no punto 3 o seguinte texto:

"Neste sentido, recoñécense novas formas de participación na galegitude, como son as asociacións de carácter empresarial ou as redes sociais, en diversas plataformas tecnolóxicas."

Emenda nº63, ao apartado 3, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir no quinto paragrafo do punto 3 a seguinte expresión:



"e económica"

Emenda nº64, ao apartado 4, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir no octavo paragrafo do punto 4 que empeza por: "O título II recolle..." a seguinte expresión:

"e económica"

Asinado dixitalmente por:

José Javier Ron Fernández na data 05/04/2013 18:55:41